



Comité Intercentros da Universidade de Vigo

ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos
Rodrigo Alberte Pivida
Antón García Fernández

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Marcos Estévez Orge (**DS**)*

U.G.T.

Arturo Casar Sarasola
José Andrés Zapirain (**DS**)

DELEGAN VOTO

Carlos Mollinedo Lois
Carmen Serra Rodríguez

AUSENTES C.I.

Juan José Fernández

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo

***DS**- Delegado Sindical

Reunidos en sesión extraordinaria nos locais sindicais do Edificio Fundición o día 14 de abril de 2004, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, cun único punto na orde do día

1. Postura do CI con respecto á petición de subvención para dotar de orientadores/as laborais a OFOE feita por un ente chamado "Fundación Universidade de Vigo"

O Presidente da comezo a reunión dando conta dos votos delegados que nesta ocasión corresponde aos debidamente enviados por Carmen Serra e Carlos Mollinedo. A continuación informa ao Pleno que viña de manter unha conversa telefónica co xerente a través da cal se lle confirmou que efectivamente a "Fundación Universidade de Vigo" solicitou a subvención para dotar de orientadores/as laborais a OFOE.

O debate iníciase Manuel Velasco que fai un relatorio do acontecido na OFOE dende que en marzo de 2003 a Universidade decidira non prorrogar o contrato as traballadoras que ata ese momento desempeñaban labores de orientación laboral. Refírese, en primeiro lugar, o esforzo feito dende os Comités de Empresa e posteriormente polo Comité Intercentros para que o vicerreitor prorrogara os contratos e posteriormente cando decidiu a redución para que se seleccionaran respectando o baremo e a prelación da última selección. Unha vez que o responsable político decidiu facer unha nova selección solicitando currículos ao Servicio Galego de Colocación sinala o abraio que produciu na parte social o intento do vicerreitor de solicitar máis currículos ao alegar que entre os que lle chegaran non estaban tódalas ex traballadoras e a selección parárela que montou, ao non acceder a directora da oficina do SGC a súa pretensión, para meter no proceso selectivo as candidatas que el quería. A mesma intención estaba detrás do baremo que escolleron os representantes da empresa, obviando os proposto pola Xunta de Galicia e o CI, que cun claro perfil docente permitiu escoller as candidatas que tiñan experiencia docente en detrimento das que posuían un perfil claro de orientación laboral. Expresa tamén o seu abraio polo tratamento que está a recibir a representante do CI na Comisión de Selección que malia ter feito distintas peticións e requirimentos por escrito non recibiu nunca contestación poñendo como exemplo desta desconsideración a petición do Informe xurídico que elaborou a Asesoría Xurídica da Universidade a solicitude de ela mesma. O representante de CC OO remata a súa intervención solicitando que a OFOE volva a depender da Universidade de Vigo e, ante a gravidade dos acontecementos, entende que o Pleno ten que pedir o cese do vicerreitor.

Cándido Pérez fala a continuación e fai énfases en que o proceso de selección que se realice para a OFOE sexa de carácter público e que nel poidan participar representantes do CI.

Antón García pide prudencia ante este posible proceso de privatización e recorda que a Universidade de Vigo non tiña a OFOE como servizo propio.



José Andrés Zapirain lembra que esa oficina contaba con 5 traballadoras e esixe responsabilidades políticas. Tamén pon en dúbida que a FUVI cumpra os requisitos da orde da Consellería de AA SS, Emprego e RR LL pois nas súas bases reguladoras fala de entidades sen ánimo de lucro que teñen que demostrar experiencia na orientación laboral e dispoñer de locais propios perfectamente equipados. O delegado da UGT defende a OFOE como servizo propio da Universidade de Vigo.

Nunha nova intervención Manuel Velasco di que si non se poden pedir responsabilidades dende o Comité, CC OO o fará a través da Sección Sindical.

Por último Cándido Pérez insiste de novo en que é preciso que o control sindical chegue tamén a FUVI que a efectos legais é como se fora outra empresa.

Acordos:

- Facer un comunicado no que se ten que facer constar a existencia do CI a que se lle poña remate ao proceso selectivo aínda inconcluso, que a OFOE siga dependendo da Universidade de Vigo, que o control sindical este garantido dentro da FUVI e mostrar o rexeitamento do órgano a que se poidan contratar outros servizos a través desta fundación.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)